

REGULAMENTO DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E CONVENIOS

*Este regulamento foi aprobado na sesión do Claustro Universitario
celebrada o día 17 de decembro de 1996 e
modificado na Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000.*

TÍTULO I OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1

Os profesores da Universidade de Vigo, calquera que sexa o réxime da súa dedicación, poderán realizar traballos de carácter científico, tecnolóxico ou artístico, así como desenvolver cursos de especialización aos que se refire o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria.

Artigo 2.

Os contratos para a realización dos traballos ou para o desenvolvemento dos cursos no artigo 1 deben ser autorizados pola comisión de cursos e convenios da aludida universidade de Vigo, previa a expresa conformidade do departamento ou instituto universitario en relación cos termos do contrato.

Artigo 3. Ámbito do presente Regulamento.

Consideraranse cursos de especialización os dirixidos primordialmente a profundar e ampliar os coñecementos dos titulados universitarios, co obxecto de elevar a súa capacitación profesional, que supoñan a obriga de dictar, alomenos, cinco leccións ou conferencias.

Consideraranse traballos de carácter científico, tecnolóxico ou artístico regulamentados pola presente normativa todos os contratados por Profesores, Departamentos ou Institutos universitarios da Universidade de Vigo con organismos ou entidades públicas ou privadas (Empresa, Unión Europea, Xunta de Galicia ou as súas Consellerías, Deputación, Concellos, Ministerios, Empresas, etc.) ou con persoas físicas, excepto os de convocatorias públicas anuais. Dentro destes traballos distínguense os "INFORMES" que supoñen exclusivamente a elaboración dun informe técnico, ou asesoramento puntual ou a realización de ensaios de homologación, control de calidade ou similares e o resto de traballos, que en adiante se denominaran "PROXECTOS DE I+D".

Quedan expresamente excluídos do presente Regulamento:

a) Os contratos que realicen os profesores para a publicación dos seus libros, traballos ou traducións, ou para a preparación de orixinais destinados á publicación.

b) Calquera tipo de premio obtido por un Profesor universitario.

c) A presentación a concursos públicos de ideas ou de anteprojectos ou de obras, incluíndo o propio proxecto. No caso de que o proxecto se adxudique, débese realiza-lo correspondente contrato segundo o previsto neste Regulamento.

d) As actividades profesionais ordinarias dos Profesores acollidos ao réxime de dedicación a tempo parcial, exceptuando aquelas que supoñan a utilización de medios, instalacións ou servizos da Universidade. Non obstante, para a realización de ditas actividades debe solicitarse a correspondente compatibilidade segundo o disposto na Lei de Incompatibilidade do Persoal ó servizo das Administracións Públicas.

e) Aqueles cursos que estean rexidos polo "Regulamento dos títulos propios e cursos de formación", en vigor.

TÍTULO II: DAS CONDICIÓN PARA APROBAR UNHA ACTIVIDADE

Artigo 4

A aprobación da realización dos proxectos de I+D, informes e cursos de especialización debe obterse con anterioridade a súa sinatura. A aprobación, devolución ao proponente ou denegación da actividade determinará a Comisión de Cursos e Convenios no prazo máximo de 35 días hábiles a partir da Entrega da solicitude na oficina de I+D, de acordo co artigo 15.

(Modificación aprobada pola Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000) "Os informes ou sinaturas de autorización do departamento ou instituto serán emitidos no prazo de dez días, quitado que unha disposición ou cumprimento do resto dos prazos do procedemento permitan ou esixan outro prazo maior ou menor. Se o caso é de denegación da autorización, a Comisión de Cursos e Convenios estudiará a solicitude e as motivacións e elevará o pertinente informe á Xunta de Goberno da Universidade, que deberá decidir coa maior axilidade posible".

Os informes ou sinaturas de autorización do departamento ou instituto serán emitidos no prazo de dez días, quitado que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permitan ou esixan outro prazo maior ou menor. Se o caso é de denegación da autorización, a Comisión de Cursos e Convenios estudiará a solicitude e as motivacións e elevará o pertinente informe á Xunta de Goberno da Universidade, que deberá decidir coa maior axilidade posible.

No caso de que nos ditos prazos os interesados non reciban comunicación, sexa de que o asunto está en trámite, sexa de denegación definitiva,

REGULAMENTO DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E CONVENIOS

Este regulamento foi aprobado na sesión do Claustro Universitario celebrada o día 17 de decembro de 1996 e modificado na Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000.

entenderase que a realización da actividade queda aprobada.

Artigo 5

Serán causas de denegación da autorización:

- a) Que a realización dos traballos ou a participación nos cursos de especialización poida ocasionar un prexuízo certo ao labor docente.
- b) Que o tipo de traballo obxecto do contrato estea atribuído en exclusiva a determinados profesionais en virtude de disposición legal e o profesor contratante careza do título correspondente.
- c) Que as obrigas contraídas no contrato impliquen, de feito, a constitución dunha relación estable.
- d) Que no curso dos traballos se produzan riscos manifestos para a saúde de persoas ou animais ou para o medio ambiente.

TÍTULO III DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 6. Distribución dos ingresos da Universidade.

As cantidades que como conceptos de custos indirectos se reteñan pola Universidade de Vigo dos Proxectos de I+D, Informe e Cursos de especialización destinaranse a:

- a) Dotación e mantemento dos servizos centrais de Investigación e formación do persoal.
- b) Oficina de I+D, en concepto de gastos de xestión, asesoramento e promoción.
- c) Departamentos ou Institutos implicados en cada Contrato, para manter o nivel de infraestrutura imprescindible para seren competitivos.

Das devanditas cantidades o 50% destinarase para o apartado a), o 30% para o b) e o 20% para o c)

Artigo 7. Xestión económica.

A xestión económica dos contratos, poderá xestionarse mediante dúas modalidades:

a) Xestión directa.

- Nesta modalidade os dereitos recoñecidos derivados dos contratos, xestionaranse pola propia universidade de Vigo, a cal se encargará, a través das súas unidades xestoras, do seu cobro efectivo.

b) Xestión delegada.

- Nesta modalidade a Universidade de Vigo delegará a xestión nunha entidade sen fin de

lucro, despois de asinar coa Universidade de Vigo un convenio, que debe ser aprobado pola Xunta de Goberno, no que se comprometa a cumprir coas seguintes estipulacións:

- Que o texto completo do contrato e as súas características sexan notificados á Universidade de Vigo coa antelación prevista neste regulamento para a súa autorización pola Comisión de Cursos e Convenios. Dito texto debe incluír unha memoria na que consten alomenos:
 - Os gastos específicos do contrato destinados a equipos, instalacións, bolsas e contratos de persoal non do cadro, viaxes ou outros gastos.
 - As remuneracións íntegras de cada un dos profesores da Universidade de Vigo polos seus traballos derivados do desenvolvemento do contrato.
 - A porcentaxe que percibe a Entidade xestora do total do contrato.
 - Que a entidade se comprometa a aboar puntualmente á Universidade de Vigo a cantidade que lle corresponde de acordo co especificado neste Regulamento.
 - Que a entidade se comprometa a levar unha contabilidade adecuada dos contratos que xestione e que a poña, en todo momento, á disposición da Universidade de Vigo.
 - Que a entidade se comprometa a ter informada periodicamente á UVI do desenvolvemento e xestión económica dos contratos.

Artigo 8. Retribucións

No caso de que a xestión sexa realizada pola Universidade de Vigo, a percepción de retribucións complementarias por parte dos Profesores, Persoal de Administración e Servizos, Persoal contratado ou Bolseiros con cargo ós contratos xestionados pola Oficina I+D, farase efectiva a través dunha nómina complementaria á xeral.

Se a xestión a leva unha entidade delegada, ela mesma fará os pagamentos de acordo co indicado no artigo 7.

A remuneración máxima que poderá percibir un profesor universitario polas actividades realizadas en contratos será a permitida pola normativa vixente. As cantidades que, en virtude deste límite, non poidan ser percibidas polos profesores pasarán a incrementalas destinadas ó Departamento ou Instituto correspondente.

Artigo 9. Adscrición de bens

Os bens que se obteñan da realización dos contratos integraranse no patrimonio da Universidade de Vigo, e quedarán adscritos ós

REGULAMENTO DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E CONVENIOS

Este regulamento foi aprobado na sesión do Claustro Universitario celebrada o día 17 de decembro de 1996 e modificado na Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000.

Departamentos ou Institutos universitarios que foran responsables dos traballos, segundo as normas de xestión de dito patrimonio. Ditos bens destinaranse a actividades docentes e de investigación. No caso de que a actividade se levara a cabo por varios Departamentos ou Institutos universitarios, na solicitude debe explicarse a adscrición final dos bens.

Artigo 10- Titularidade dos resultados

A titularidade dos resultados obtidos como consecuencia da actividade realizada polo persoal dos Departamentos ou Institutos universitarios da Universidade de Vigo no seu tempo de dedicación ou utilizando material e instalacións propias da Universidade de Vigo, corresponderá á mesma, salvo que previamente se exprese e aprobe unha adscrición distinta. Nos casos nos que corresponda á Universidade a titularidade dos resultados da investigación realizada polos seus profesores, estes terán unha participación de alomenos o 50% nos beneficios que poida producir, respectando, en todo caso, o regulamento vixente.

Artigo 11. Confidencialidade

Cantos participen na execución do informe, proxecto de I+D ou custo, ou teñan coñecemento do seu contido por razón do cargo que ocupen, veranse obrigados a respectar a confidencialidade, na medida ., que establezan as cláusulas do Convenio.

Artigo 12. Contratacións

O Director do curso de especialización, do informe ou do proxecto de I+D, poderá, durante o período de realización previsto, e de acordo co orzamento indicado nos artigos 17, 22 e 27:

- Solicitar da Universidade o nomeamento de estudantes que realicen programas do 3º Ciclo, tesinas, proxectos fin de carreira ou teses de doutoramento, como bolseiros de investigación.
- Propor á Universidade a contratación de persoas físicas Ou xurídicas alleas a ela, para levar a cabo aqueles servizos relacionados co proxecto, informe ou curso que considere convenientes.
- Propor á Universidade a contratación de persoal necesario para levar a cabo a actividade.

Artigo 13. Arquivo

No arquivo da Oficina I+D da Universidade de Vigo figurará unha copia de tódalas solicitudes de Proxectos de I+D, Informes e Cursos de especialización ós que atinxa o presente Regulamento.

TITULO IV DA COMISIÓN DE CURSOS E CONVENIOS

Artigo 14. Composición da Comisión

A Comisión de Cursos e Convenios estará presidida polo Rector ou Vicerrector en quen delegue. Estará integrada por:

- Os Vicerrectores de Investigación e Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía.
- Un Profesor representante do ámbito de Matemáticas e Ciencias experimentais.
- Un Profesor representante do ámbito de Humanidades.
- Un Profesor representante do ámbito Xurídico-social.
- Un Profesor representante do ámbito Tecnolóxico.
- Un profesor representante do ámbito das ciencias da saúde
- Un representante do Persoal de Administración e servizos
- Un representante dos Alumnos.
- Secretario: Director da Oficina I+D.

Para os efectos da consideración de pertenza ós cinco ámbitos citados terase en conta o establecido pola Universidade de Vigo.

Artigo 15. Funcións da Comisión

A Comisión de Cursos e Convenios reunirse a instancia do seu presidente e avaliará as propostas presentadas dende a anterior xuntanza. Son funcións da Comisión:

- Conceder autorización, cando a actividade proposta cumpra tódalas especificacións enunciadas neste Regulamento.
- Volve-la proposta ó proponente ou solicitante, cando non sexa totalmente correcta, indicando en que punto debe cambiarse.
- Denega-la autorización, se a proposta incorre nalgún dos supostos enunciados no artigo 5.
- Fixa-lo importe mínimo dun contrato que implicaría a sinatura do mesmo polo rector.
- Notificar ó solicitante os acordos acadados en calquera dos casos a), b) ou c), a través do Secretario da Comisión.
- Aprobar os modelos normalizados que se elaboren na Oficina de I+D.
- Delegar as funcións a) e b) na Oficina de I+D, co visto e prace do Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía, para os contratos cun importe inferior a un máximo que será fixado pola propia Comisión (Cantidade fixada pola Xunta de Goberno do 1 de abril de 2004 en 200.000 €).

TÍTULO V DOS PROXECTOS DE I+D

Artigo 16. Trámite da solicitude

As propostas de realización de proxectos de I+D presentaranse ante a oficina de I+D, segundo un modelo normalizado elaborado pola mesma.

O director do traballo pode solicitar asesoramento da Oficina de I+D sobre o documento a asinar polas partes, orzamentos e demais aspectos relativos ó informe.

Artigo 17. Contido

A proposta dun proxecto de I+D debe incluír, alomenos, os seguintes puntos:

- Obxecto da mesmo.
- O prazo de inicio, remate e presentación do traballo.
- O nome do responsable ou responsables.
- A lista de persoas vinculadas ó proxecto
- O importe do contrato, indicando a distribución temporal dos ingresos.
- O orzamento detallado dos gastos
- A memoria detallada dos traballos a realizar, indicando a súa sucesión diacrónica.
- Cláusulas de responsabilidade se as houber.
- Réxime aplicable de dereitos de autor, de patentes, ou de modelos de utilidade ou industriais.

Artigo 18. Orzamento de gastos

Alomenos deben indicarse no orzamento de gastos os apartados seguintes:

- Gastos materiais ocasionados pola realización do traballo contratado, incluíndo a parte proporcional da amortizacións dos equipos empregados, sempre e cando o sistema contable o permita.
- Gastos ocasionados pola contratación de servizos externos á Universidade.
- Gastos por pagamentos a bolseiros, persoal contratado e Persoal de Administración e Servizos colaborador.
- No caso que a xestión sexa delegada, os gastos derivados da mesma.
- O 10% do importe total do contrato, excluída a adquisición de material inventariable, en concepto de custos indirectos.
- Como mínimo o 15% da cantidade resultante de restar ó importe total do contrato os gastos descritos nos apartados anteriores, asinarase ó Departamento/s ou Instituto/s universitario/s ó que pertencen os profesores. Se a Universidade de Vigo xestiona o proxecto ingresará a dita cantidade no orzamento correspondente. Se a

xestión está delegada, a entidade correspondente porá a dita cantidade á disposición do Departamento/s ou Instituto/s antes indicados e non fará ningún pagamento con cargo a ela sen a aprobación do director do mesmo.

g) A cantidade restante destinarase a retribución para o profesor ou equipo que realice o traballo, sen prexuízo do disposto no artigo 8 do presente Regulamento.

Artigo 19. Sinatura

Unha vez aprobado, o contrato poderá ser subscrito por:

a) O Rector ou persoa na que delegue, en nome da Universidade.

b) O Director do Departamento ou Instituto universitario correspondente, en nome do órgano que dirixe, tralo acordo deste.

(Modificación aprobada pola Xunta de Goberno do 1 de Abril de 2004) "A partir duha cantidade de 300.000 € deberá asinar o Reitor".

c) O profesor ou profesores universitarios en nome propio, logo da autorización do Departamento ou Instituto universitario correspondente.

En calquera caso, corresponde ó Rector a sinatura do contrato cando:

a) A súa execución supere o marco estrito dun Departamento ou Instituto universitario.

b) O importe do contrato supere a cantidade fixada pola Comisión de Cursos e Convenios.

c) As cláusulas do contrato prevexan explicitamente que a Universidade como tal, o Departamento ou o Instituto incorran en responsabilidade no caso de incumprimento dalgún dos seus termos.

d) Requira a contratación de persoal non pertencente á Universidade de Vigo.

Artigo 20. Informe final

O responsable do traballo enviará, cando remate, unha Memoria de resultados para que sexa arquivada pola Oficina de I+D. Cando o contrato especifique a realización de informes parciais, a Oficina de I+D poderá solicitar unha copia ó director do proxecto. No caso da xestión delegada, a entidade correspondente enviará o balance económico final do contrato a devandita Oficina de I+D.

REGULAMENTO DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E CONVENIOS

*Este regulamento foi aprobado na sesión do Claustro Universitario
celebrada o día 17 de decembro de 1996 e
modificado na Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000.*

TITULO VI DOS INFORMES

Artigo 21. Trámite de solicitude

As propostas para realizar informes presentaranse ante a Oficina de I+D, segundo un modelo normalizado elaborado pola mesma. O Director do Traballo poderá solicitar asesoramento da Oficina I+D sobre honorarios, emolumentos e demais aspectos relativos ó informe.

Artigo 22. Orzamento de gastos

O orzamento de gastos dos informes, detallarase en tódalas súas partidas, seguindo as mesmas pautas indicadas no artigo 18 do presente Regulamento para o orzamento dos informes

Artigo 23. Sinatura

Para a sinatura correspondente a un informe rexerá o mesmo procedemento incluído no artigo 19.

Artigo 24. Informe final

Rematado o traballo, o Director enviará unha Memoria de resultados para que sexa arquivada pola Oficina de I+D. No caso da xestión delegada, a entidade correspondente enviará balance económico final do contrato á devandita Oficina de I+D.

TÍTULO VII CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

Artigo 25. Trámite de solicitude

As propostas de realización de cursos de especialización presentaranse ante a Oficina de I+D, segundo un modelo normalizado elaborado pola mesma. O Director do Traballo poderá solicitar asesoramento da Oficina de I+D sobre o documento a asinar polas partes, orzamentos e demais aspectos relativos ó curso.

Artigo 26. Contido

A proposta para a realización dun Curso de Especialización especificará, en todo caso, o seguinte:

- Obxecto e programa do curso, con indicación das horas de docencia que se dispensan e o profesorado asinado a cada tema.
- Datas previstas de realización.

c) Nome do responsable do Curso e dos Profesores, Departamentos e Institutos que o organicen.

d) Orzamento detallado do Curso, indicando ingresos e gastos.

Artigo 27. Financiamento

Os cursos de especialización financiaranse integramente por algunha ou varias das seguintes vías:

- Taxas de matrícula.
- Subvencións de Entidades públicas ou privadas ou de persoas físicas.
- Contratos con Entidades públicas ou privadas.

Artigo 28. Orzamento

Alomenos deben indicarse no orzamento os apartados seguintes:

- Os ingresos obtidos polas diferentes vías de financiamento.
- Os gastos materiais ocasionados pola realización do curso, incluíndo a parte proporcional da amortización dos equipos empregados, sempre e cando o sistema contable o permita.
- Os gastos ocasionados pola contratación de servicios externos á Universidade.
- Os gastos por pagamentos a bolseiros, persoal contratado e Persoal de Administración e Servicios colaborador.
- Os gastos de profesorado do Departamento ou Instituto organizador
- Os gastos do profesorado alleo ó Departamento ou Instituto organizador.
- No caso que a xestión sexa delegada, os gastos derivados da mesma.
- En concepto de custos indirectos da Universidade, o 10% dos gastos correspondentes ó apartado e) e f). En concepto de retribución do Departamento ou Instituto organizador como mínimo o 10% dos gastos correspondentes ó apartado e).

Artigo 29. Informe final

O Director do Curso de Especialización enviará, cando acabe, unha Memoria de resultados e unha folla resumo do Curso debidamente cuberta, para que sexan arquivadas pola Oficina de I+D.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.

O Vicerrectorado de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía, a través

REGULAMENTO DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN E CONVENIOS

*Este regulamento foi aprobado na sesión do Claustro Universitario
celebrada o día 17 de decembro de 1996 e
modificado na Xunta de Goberno do 20 de xullo de 2000.*

da Oficina de I+D, realizará unha Memoria anual que presentará a Xunta de goberno. Na devandita Memoria exporá a relación de Proxectos, Informes e Cursos de especialización asinados e realizados, así como os ingresos obtidos e o seu destino.

Segunda.

Facúltase ó Rector ou a persoa en quen delegue e o Xerente, no ámbito das súas competencias, para dicta-las instrucións precisas para a execución e desenvolvemento do presente Regulamento.

Terceira.

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Claustro universitario da Universidade de Vigo.

Estas bolsas de colaboración terán como destinatarios e finalidade as seguintes figuras:

- **Estudiantes universitarios**, co fin de que coñezan á realidade da investigación como posible saída profesional.
- **Recén licenciados/diplomados**, co fin de que inicien a súa formación como tecnólogos, persoal cualificado de apoio ás actividades contratadas de I+D.
- **Titulados de FP/ciclos formativos**, co fin de que inicien a súa formación como técnicos no desenvolvemento de tarefas de apoio nas actividades contratadas de I+D.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira.

Este Regulamento non é de aplicación ós Convenios e Contratos subscritos con anterioridade á súa aprobación.

Segunda.

En tanto a Comisión de Cursos e Convenios non fixe o seu importe, no que fai referencia o artigo 15 d), fíxase o importe do contrato en dez millóns de pesetas.

ANEXO BOLSEIROS

*(Aprobado na comisión de cursos e convenios
do 20 de maio de 2005)*

O Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro do día 17 de decembro de 1996, indica no seu artigo 12a) que o Director da actividade de I+D contratada poderá, durante o período de realización previsto da mesma e dacordo co seu orzamento "Solicitar da Universidade o nomeamento de estudantes que realicen programas do 3º Ciclo, tesinas, proxectos de fin de carreira ou teses de doutoramento, como bolseiros de investigación".

Nos últimos anos veñen adquirindo relevancia nas actividades de I+D contratada da universidade o desenvolvemento de tarefas técnicas e de iniciación á investigación, polo que se propón a creación da figura de bolseiros de colaboración.